

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FUNDACIÓN ASPACE CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO, PLANIFICACIÓN DE APOIOS E CURATELA DIRIXIDO A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL E PATOLOXÍAS ASOCIADAS, E AS SÚAS FAMILIAS NO ANO 2024**

Lugar e data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

#### **Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

#### **Doutra parte:**

Don Eulogio López Río, con DNI 33835450N, presidente da Fundación ASPACE Coruña, en virtude do acordo do padroado da fundación de data 7 de setembro de 2018, que actúa en nome e representación da entidade, con NIF G70338074, de acordo co recollido no artigo 41 dos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio.

### **EXPOÑEN**

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

IV. Que a Fundación ASPACE Coruña constitúese como fundación foi constituída ante notario en escritura pública outorgada en Sada (A Coruña), o 24 de xullo de 2012. Insíbese no rexistro de fundacións co número 2013/03. Foi clasificada de interese asistencial en virtude da Orde do 21 de decembro de 2012, da entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e declarada de interese galego en virtude da Resolución do 14 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica da entón Consellería de Traballo e Benestar.

Actualmente, a fundación está baixo o protectorado da Consellería con competencias en materia de Política Social en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se modifica a adscrición de determinadas fundacións de interese galego e se ordena a súa adscrición ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado.

A fundación ten como principal obxectivo a protección e apoio integral das persoas con parálise cerebral infantil ou patoloxías asociadas en Galicia. A creación da entidade xurdiu da necesidade de darlle unha opción a aquelas persoas con parálise cerebral que carezan de persoas próximas ou familiares que poidan facerse cargo do seu sistema de apoios (asistencia e/ou representación).

Así mesmo, a fundación ASPACE Coruña é unha entidade recoñecida e inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-6000.

V. Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á protección das persoas con parálise cerebral e ás súas familias, de cara a resolver as inquedanzas das familias respecto ao futuro dos seus fillos e fillas.



A Fundación ASpace Coruña asume un compromiso de protección coas persoas con parálise cerebral e as súas familias, facilitando os apoios necesarios para acadar a súa plena integración e mellorar a súa calidade de vida, favorecendo que os familiares poidan afrontar o futuro con tranquilidade, confianza e seguridade. Garante a protección das persoas con parálise cerebral con necesidades de apoio e proporciñalles un acompañamento integral no exercicio dos seus dereitos e obrigas, para axudalas a levar a cabo o seu proxecto vital, acadar a súa plena inclusión e unha óptima calidade de vida.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa Fundación ASpace Coruña para contribuír ao financiamento dun proxecto desta entidade destinado á información e asesoramento, planificación de apoios, e curatela para persoas con parálise cerebral e patoloxías asociadas e as súas familias.

**VI.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación ASpace Coruña é unha entidade que realiza estas actividades que, debido á súa singularidade dificultan a súa convocatoria pública e, polo tanto, son susceptibles de ser subvencionadas a través dun procedemento de concesión directa que se instrumentará por medio do presente convenio, e que terá como obxecto o financiamento dun proxecto mediante o cal:

- Asume a protección e a curatela das persoas con parálise cerebral asignadas a esta entidade polos órganos xudiciais. Na actualidade a Fundación exerce a curatela de tres persoas con parálise cerebral.
- Favorece a integración familiar das persoas apoiadas.
- Informa e asesora as persoas con discapacidade, as súas familias e os profesionais sobre as medidas xudiciais de apoio, o exercicio da curatela e outras figuras de protección, e a toma de decisións de cara o futuro.
- Informa ao órgano xudicial competente da existencia daqueles casos de desprotección dos que se teña coñecemento.



- Promove a sensibilización social para fomentar que as persoas con discapacidade poidan exercer os seus dereitos e obrigas dentro dun marco de respecto e normalidade.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, en tanto que se trata de persoas con discapacidade e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento dun proxecto de información e asesoramento, provisión de apoios e curatela para persoas con parálise cerebral e patoloxías asociadas e ás súas familias, que Fundación ASPACE Coruña desenvolverá durante o ano 2024, con suxeición ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. *Obxecto***

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación ASPACE Coruña, a través da concesión directa dunha subvención, destinada ao financiamento dos gastos derivados da execución do proxecto de información e asesoramento, provisión de apoios e curatela para persoas con parálise cerebral e patoloxías asociadas e ás súas familias, que a Fundación ASPACE Coruña desenvolverá no exercicio 2024.

#### **SEGUNDA. *Actuacións subvencionables***

As actuacións do proxecto que vai desenvolver a Fundación ASPACE Coruña durante a vixencia do convenio con relación aos obxectivos que persegue consisten:



a) Orientación e asesoramento, dirixido a todas as persoas que precisan información e orientación sobre medidas de provisión de apoios para persoas con discapacidade. Inclúe trámites xudiciais, elaboración de inventarios e rendicións de contas, autorizacións e solicitudes de revisión de medidas de apoio.

Cómpre destacar o asesoramento relativo ao desenvolvemento da Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, debido aos cambios que trae consigo respecto á incapacitación e tutela, termos xa extintos. De xeito específico comprende as seguintes actuacións:

1º. Asesoría xurídica dirixido a familias, atendido por un avogado especializado en materia de protección de persoas con discapacidade.

2º. Xornadas formativas organizadas pola entidade que están dirixidas ás familias, profesionais e a toda a poboación interesada naquelas cuestións de interese relacionadas coa protección das persoas dependentes.

3º. Asesoramento xurídico de apoio na área social para a realización de consultas e derivación de casos susceptibles de apoio máis específico.

b) Planificación de apoios, dirixidos ás familias. As persoas interesadas poden recibir pautas para deixar previsto o sistema de soportes futuros que desexan para os seus familiares ou para eles mesmos, e que sexan tamén conscientes de que poden contar coa Fundación para desempeñalos. Representa a previsión e compromiso de futuro que a entidade adquire respecto á persoa e en consecuencia coa súa familia para favorecer as súas necesidades e atención cando o apoio familiar falte. A través del, os pais e nais poden atopar na Fundación unha alternativa que se encargue de proporcionar os apoios necesarios aos seus fillos e fillas cando eles xa non poidan facerse cargo.

Neste momento son oito as familias que teñen asinados contratos de pre-curatela, nos que reflicten a súa vontade de que a fundación asuma, nun futuro, a protección dos seus fillos e fillas.

c) Prestación de servizos de curatela. A partir da aceptación do cargo designado polo órgano xudicial establécese un sistema de apoios tanto no ámbito persoal, en canto ao desenvolvemento do proxecto de vida, como patrimonial da persoa apoiada, cumprindo



coas obrigas inherentes ao cargo, atendendo as necesidades da persoa e administrando o seu patrimonio con dilixencia e responsabilidade.

Inclúe unha nova figura que reforza a labor de curatela, unha asistente de apoio persoal, a cal proporcionará un soporte centrado nas persoas representadas, buscando a proximidade e o coñecemento mutuo, adaptándose aos seus ritmos e favorecendo a súa plena inclusión.

### **TERCEIRA. Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a Fundación ASPACE Coruña, é de 32.494,79 euros.

Para o cumprimento das actuacións previstas deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **vinte mil euros (20.000,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria 38.04.312D.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

### **CUARTA. Obrigas da entidade**

1. A Fundación ASPACE Coruña deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da mesma Lei. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar as actuacións que conforman o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización das anteditas actuacións nos termos esixidos neste convenio, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras deste convenio.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que



poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### **QUINTA. Documentación previa**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións



de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actuacións a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscriba polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas***

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

#### **SÉTIMA. *Forma de pagamento***

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, e farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades, aportando a documentación prevista na cláusula sétima do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os





xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se fora o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, a Fundación ASpace Coruña queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **OITAVA. *Gastos subvencionables***

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **15 de decembro de 2024**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada, de acordo co recollido na memoria económica.

#### **NOVENA. *Xustificación***

En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación que remata o 15 de decembro de 2024.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento do mesmo mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

Coa xustificación final do convenio ou, en todo caso, unha vez rematadas todas as actuacións do proxecto a subvencionar polo convenio e en todo caso con data límite 15 de decembro do 2024, a entidade beneficiaria presentará:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actuacións realizadas ao abeiro do proxecto a subvencionar a través deste convenio.



b) Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do proxecto, deberá de concretarse ao efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do proxecto subvencionado.

2º. Recibos de salarios.

3º. Documentos Relación Nominal de Traballadores (RNT) e Relación de liquidación de cotizacións (RLC), dos traballadores correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

c) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade , dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes e/ou facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Igualdade foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

e) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través deste convenio ou, de percibilas, detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actuacións subvencionadas, con indicación do importe e a súa procedencia, tal é como se establece no artigo 51 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

g) A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2024 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2025.

#### **DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións***

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos das actuacións que conforman o proxecto obxecto da subvención, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actuacións obxecto de subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.



#### **DÉCIMO PRIMEIRA. *Inexistencia de relación laboral***

A Fundación ASPACE Coruña queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas no marco do proxecto específico.

A subscrición do presente convenio non leva consigo ningunha relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

#### **DECIMO SEGUNDA. *Subcontratación***

A Fundación ASPACE Coruña é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución das actuacións subvencionadas fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial das mesmas, ata unha porcentaxe do 20 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de subcontratar os medios de apoio precisos para a debida execución das actuacións programadas .

A Fundación ASPACE Coruña, no seu caso, comunicará a subcontratación á Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. *Comisión de seguimento e control***

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Fundación ASPACE Coruña, designadas por cada unha das partes, así como ás súas suplentes.

A dita comisión será presidida por unha das persoas que representa a administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.



A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, as persoas integrantes da comisión serán suplidas por quen designe o órgano competente para o nomeamento daquelas.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO CUARTA. *Vixencia***

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

#### **DÉCIMO QUINTA. *Publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.



## **DÉCIMO SEXTA. Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución



dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico***

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e



contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano as persoas comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade

O presidente da Fundación ASPACE

Coruña

Fabiola García Martínez

Eulogio López Río

